

COREGAL

Xestión integral de residuos



Quenes somos

Somos unha empresa de economía social dedicada á recollida, clasificación, tratamento, xestión e valorización dos residuos, co propósito de promover a circularidade mediante a súa redución, reutilización e reciclaxe.

Fieis ao grupo empresarial ao que pertencemos, COGAMI Empresarial, e a súa misión, Coregal é un Centro Especial de Emprego de Iniciativa Social que desenvolve a súa actividade cun enfoque empresarial que integra a sostibilidade económica, ambiental e social por medio da creación de oportunidades para as persoas con discapacidade.



Un proxecto circular

Traballamos aliñados con todos os nosos grupos de interese no deseño eficiente dun modelo circular que axude ao planeta e ás persoas que viven nel.

Colaboramos con empresas, Administracións Públicas e cidadanía para poder dar unha segunda vida aos residuos. É a nosa forma de xerar valor ambiental, social e económico para a sociedade a través da economía circular.

Un modelo colaborativo



Xeramos
valor ambiental,
social e
económico



Compromiso
económico

Abordamos o noso compromiso co desenvolvemento sostible e a economía circular dende unha **triple perspectiva: económica, ambiental e social**.

Traballamos para crear valor a través da colaboración, a formación e a xeración de emprego ao redor do tratamento e a xestión de residuos.

A **economía circular** é a razón de ser de Coregal. Establecemos así un modelo eficiente que promove a **recuperación e optimización dos recursos**, alargando a súa vida útil. Desta forma, Coregal cambia o actual sistema liñal de usar e tirar e aposta por outro respetuoso co medioambiente e baseado na **redución, reutilización e reciclaxe**.



Compromiso
social

A **sostibilidade** vai máis aló da reciclaxe e do coidado do medioambiente. **Un futuro circular só é posible se é tamén máis xusto e inclusivo**, e iso, no noso caso, pasa por **fomentar o emprego das persoas con discapacidade**.

Medidas que fomentan a **conciliación** e un **clima de traballo** que sitúa á profesional no centro son claves na relación coas persoas que conforman Coregal.



Compromiso
ambiental

A xestión de residuos ten un impacto directo no noso planeta. A calidade do material que xestionamos nas nosas plantas de selección, tanto o que se procesa como o que se rexeita, é analizada por empresas especializadas.

En Coregal **aplicamos estándares internacionais de calidade e xestión ambiental** baixo as normas **ISO 9001, ISO 14001 e ISO 45001**, e realizamos controis para a mellora continua dos nosos procesos.

Dende a nosa vocación ambiental, en Coregal tamén apostamos por minimizar o impacto na contorna natural da nosa actividade produtiva mediante o cálculo da **pegada de carbono**. A través desta medición das toneladas de CO2 que xeramos establecemos accións para reduci-la.



Axenda 2030

A nosa aportación aos ODS



Como empresa socialmente responsable, temos un propósito ambiental: promover a sostibilidade a través da economía circular.



Igualdade de xénero

Fomentamos o talento e a conciliación do noso equipo, e comprometémonos coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- Plan de Igualdade



Traballo decente e crecemento económico

A nosa actividade principal é a xestión de residuos, o que nos converte nun pilar da economía circular e permítenos crear emprego e xerar valor na sociedade.

- 202 empregos directos
- 16.418.154€ valor social xerado



Redución das desigualdades

En Coregal cremos na igualdade de oportunidades. Impulsamos o emprego e a inclusión social das persoas con discapacidade a través da reciclaxe.

- O 88,7% do cadro de persoal ten algún tipo de discapacidade



Produción e consumo responsables

Fomentamos a sensibilización ambiental entre a cidadanía e axudamos ás empresas a xestionar os residuos que xeran. Porque a circularidade só se consegue co compromiso de todas as persoas.

- 51.890 toneladas de residuos reciclados no 2022
- O 82% dos residuos valorízanse
- Xestionamos 12 puntos limpios
- ISO 14001 / 45001 / 9001 Gestión Ambiental



Acción polo clima

A correcta xestión de residuos ten un impacto directo na loita contra o cambio climático e na optimización dos recursos do planeta: materias primas, auga, enerxía e emisións de CO2.

- 15.000 toneladas de CO2 / ano
- 2 campos solares de 136 kWp/h instalados (Santiago e Boiro)
- Cinco vehículos GNC industriais e un eléctrico



Alianzas para lograr os obxetivos

O noso modelo de xestión baséase na colaboración con administracións públicas, empresas e outras organizacións e esténdese máis aló da reciclaxe.


- Operamos en 42 concellos
- Máis de 300 empresas



As nosas Ecoplantas

As plantas de selección encárganse de separar e fraccionar
los residuos polo tipo de material.

Características das nosas ecoplantas:




Plástico



Papel y cartón



Vidrio



Orgánico



Punto limpio

4 Ecoplantas



Contamos con
catro
ecoplantas
distribuídas
por toda
Galicia



Parque Santiago de Compostela



+ 6.000 m²



70 persoas traballadoras



16 vehículos industriais



11.365 toneladas xestionadas / 79,54% de valorización



Parque Mos



+ 12.000 m²




48 persoas traballadoras



9 vehículos industriais



13.678 toneladas xestionadas / 92,82% de valorización



Parque Carballo



+ 5.000 m²



36 persoas traballadoras



13 vehículos industriais



2.868,74 toneladas xestionadas / 83,45% de valorización



Parque Boiro



+ 6.000 m²



48 persoas traballadoras



13 vehículos industriais



9.194,86 toneladas xestionadas / 82,02% de valorización



Recollida, clasificación, tratamento, xestión e valorización dos residuos, co propósito de promover a circularidade mediante a súa redución, reutilización e reciclaxe.

Empezamos en 1994 a operar con 5 profesionais e hoxe xa somos un equipo de preto de 200 persoas, das que máis do 85% teñen algún tipo de discapacidade.

Xestión integral / valorización de residuos

En Coregal utilizamos o potencial dos residuos para conseguir sacar o seu máximo rendemento. Para iso é necesario realizar unha xestión coordinada do ciclo da reciclaxe, dende a recollida selectiva ata a clasificación e o tratamento. Coregal fomenta a **innovación** para dar unha segunda vida aos residuos e convertilos en novos produtos.

Transporte e recollida de residuos

Asesoramento ambiental (a empresas e concellos)


Sensibilización ambiental

Destrucción documental certificada

Aluguer, venta e mantemento de equipamento

Limpeza viaria

Fotografía
Ecoplanta de
Coregal en Mos



GRAZAS